UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Traballo Fin de Grao | | | Código | 613G03041 |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | | |
| Profesorado | Alonso Ramos, Margarita<br>Alvarez Caccamo, Celso Maria<br>Barros Grela, Eduardo<br>Cabarcos Traseira, Maria Jesus<br>Clark Mitchell, David Mitchell<br>Crespo Garcia, Maria Begoña<br>Estévez Saa, José Manuel<br>Fernández Ferreiro, Manuel<br>Frias Rudolphi, Maria<br>Gomez Blanco, Carlos Juan<br>Lezcano Gonzalez, Emma<br>Liste Noya, Jose<br>Lorenzo Modia, Maria Jesus<br>Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel<br>Nuñez Puente, Carolina<br>Perez Janeiro, Purificacion<br>Simal Gonzalez, Begoña<br>Tucci , Emiliana<br>Woodward Smith, Elizabeth Anne | Correo electrónico | margarita.alonso@udc.es<br>celso.alvarez.caccamo@udc.es<br>eduardo.barros@udc.es<br>maria.jesus.cabarcos@udc.es<br>david.clark@udc.es<br>begona.crespo.garcia@udc.es<br>jose.manuel.estevez.saa@udc.es<br>manuel.fernandez.ferreiro@udc.es<br>maria.frias@udc.es<br>carlos.gomezb@udc.es<br>emma.lezcano@udc.es<br>jose.listen@udc.es<br>maria.lorenzo.modia@udc.es<br>isabel.moskowich-spiegel.fandino@udc.es<br>c.nunez@udc.es<br>purificacion.pjaneiro@udc.es<br>begona.simal@udc.es<br>emiliana.tucci@udc.es<br>elizabeth.woodward@udc.es | | |
| Web | https://www.udc.es/export/sites/udc/filo/_galeria_down/TFG/normativa/Regulamento_TFG.pdf_2063069239.pdf | | | | |
| Descrición xeral | O traballo de fin de grao supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual,dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao. Máis información: https://www.udc.es/export/sites/udc/filo/_galeria_down/TFG/normativa/Regulamento_TFG.pdf_2063069239.pdf | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Ser capaz de buscar, xestionar, organizar e interpretar datos nos estudos lingüísticos e / ou literarios co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes deste ámbito de estudos, demostrando ademais un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo. | A1<br>A2<br>A6 | B1<br>B3 | C2<br>C6<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |

| | |
|---|---|
| O contido específico do traballo acordarase co/a titor/a dentro do marco da liña do TFG asignada. | Os que xurdiren durante o desenvolvemento do traballo. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Traballos tutelados | A1 A2 A6 B1 B3 C2 C6 C8 | 10 | 120 | 130 |
| Presentación oral | A1 A2 A6 B1 B3 C2 C6 C8 | 1 | 9 | 10 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | O/A alumno/a realizará o traballo baixo a dirección dun/ha profesor/a, que orientará, realizará un seguimento do proceso de elaboración e autorizará a presentación e defensa do mesmo. |
| Presentación oral | O día senalado no calendario académico do centro, o/a alumno/a presentará e defenderá o seu traballo perante unha comisión avaliadora nomeada pola Xunta de Facultade, nun tempo máximo de 20 minutos. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | A TFG elaborarase baixo a coidadosa supervisión do profesorado asignado. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Presentación oral | A1 A2 A6 B1 B3 C2 C6 C8 | Será valorada polo tribunal, según o seguinte:<br><br>1. Exposición (35%):<br>-axustada ao tempo<br>-clara e estruturada<br>-corrección e adecuación lingüística<br><br>2. Contido do discurso (35%):<br>-capacidade de síntese<br>-atención aos aspectos relevantes do traballo<br><br>3. Resposta ás observacións do tribunal (15%):<br>-resposta axeitada a todas as observacións e preguntas<br><br>4. Utilización de medios e materiais de apoio (15%)<br>-utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio | 30 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | A1 A2 A6 B1 B3 C2 C6 C8 | Será valorado polo director do traballo, según o seguinte:<br><br>1. Aspectos formais (20%):<br>-adecuación ao formato establecido<br>-citas e referencias bibliográficas<br>-presentación xeral do texto (exemplos, gráficos, anexos, etc.)<br>-corrección lingüística.<br><br>2. Contido (60%):<br>-estrutura do contido: coherente e adecuada ao tema<br>-claridade expositiva<br>-selección e utilización da bibliografía<br>-resultados e conclusións acordes cos obxectivos expostos.<br><br>3. Proceso de realización (20%):<br>-organización, temporalización, autonomía | 70 |

| Observacións avaliación |
|---|

| |
|---|
| A cualificación final do traballo é emitida polo tribunal. É necesario, polo tanto, a presentación oral.Serán cualificados con "No presentado" os alumnos que no realicen a presentación oral pública ante o tribunal.<br>A estrutura do Traballo de Fin de Grao axustarase a estas características:<br> 1. Capa, que incluirá, obrigatoriamente, o logotipo e o nome da Universidade,<br>o nome da Facultade, a denominación do grao, o título do traballo, o nome<br>do autor ou da autora, o visto e prace manuscrito do director ou da<br>directora co seu nome, e o ano de presentación. Non se numerará.<br>2. Índice do traballo con paxinación.<br><br>3. Resumo do traballo, que dará conta necesariamente de obxectivos, metodoloxía, unha síntese dos contidos e as conclusións e será aproxima?<br>damente de 500 palabras.<br> 4. Introdución, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a<br>xustificación da metodoloxía utilizada.<br> 5. Traballo.<br>6. Conclusións.<br> 7. Referencias bibliográficas.<br> 8. Anexos (se os houber).<br>O Traballo de Fin de Grao terá unha extensión mínima de 9 000 e máxima de<br>11 000 palabras. Para o cómputo non se terán en conta os apartados 1, 2, 3, 7 nin 8.<br>Presentarase en  formato A4, con marxes de 2,5 cm, interliñado dobre e letra de<br>12 puntos.<br>A paxinación dos apartados 2 e 3 realizarase en numeración romana.<br>Calquera falta de honradez académica (plaxio ou outras formas) penalizarase co suspenso automático do TFG. Turnitin é unha<br>aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar<br>porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa<br>procedencia. É unha boa ferramenta para detectar o plaxio.O seu uso é<br>opcional, pero deberá advertirse ao estudantado  xa<br>que pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou<br>noutras universidades, incluso do mesmo estudante.<br>Se esta<br>circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade<br>académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de<br>calificaciones y de reclamaciones avaliación. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Swales, John M. (1994). Academic writing for graduate students essential tasks and skills: a course for nonnative speakers of english.. Ann Arbor: The University of Michigan Press.<br>- Murray, Rowena. (2006). The handbook of academic writing: a fresh approach.. Maidenhead, England; New York: McGraw-Hill: Open University Press. |
| Bibliografía complementaria | A que recomendar o profesorado que supervise o traballo.Â A que recomendar o profesorado que supervise o traballo. |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |

| Observacións |
| --- |
| <div><br /></div> |

| |
| --- |
| **(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías** |